



SESION ORDINARIA DE 30 DE NOVIEMBRE DE 2021

(Acta número 10)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente
D. José Fernández Vázquez

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **trinta de novembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	1/61



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de outubro de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=1

2.- TOMA DE POSESIÓN DO SR. DEPUTADO PROVINCIAL D. JOSÉ FERNÁNDEZ VÁZQUEZ.

Por parte do Sr. Presidente dáse lectura ó informe da Secretaría Xeral en relación co asunto sinalado no epígrafe, e que di o seguinte:

“En relación coa toma de posesión do señor Deputado Provincial D. José Fernández Vázquez, emítase o seguinte informe:

Con data cinco do presente mes de novembro, recíbese escrito da Xunta Electoral Central, designando a D. José Fernández Vázquez como Deputado Provincial

Asi mesmo con data once de novembro de dous mil vinte e un D. José Fernández Vázquez presentou na Secretaría Xeral desta Deputación Provincial a Declaración de Bens Patrimoniais e de Incompatibilidades e Actividades, e toda a documentación necesaria e suficiente para acreditar a súa personalidade.

Tendo en conta que D. José Fernández Vázquez, cumpriu con todos os requisitos necesarios esixidos pola lexislación vixente, procede que se lle dea posesión do cargo de Deputado Provincial da Corporación Provincial de Lugo”.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	2/61



Seguidamente polo Presidente da Deputación procédese á toma de xuramento ou promesa do cargo de Deputado Provincial, baixo a fórmula: "*xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Deputado Provincial, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado*", ao que o Deputado D. José Fernández Vázquez responde "si prometo".

A continuación o Sr. Presidente dá a benvida ao novo Deputado e entrégalle o Diploma acreditativo do cargo, a Insignia de ouro da Deputación, e a Medalla de ouro, asinando a continuación no libro de ouro, todos eles atributos recoñecidos polo Regulamento de Honras e Distincións da Excm. Deputación Provincial de Lugo. Seguidamente o Sr. Deputado Provincial D. José Fernández Vázquez pasa a ocupar o seu escano no Grupo Provincial Popular.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=2

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

3.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE CINCO VEHÍCULOS A FAVOR DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Tendo en conta que mediante escrito do 14 de outubro de 2020 dáse traslado do Decreto de 13 de outubro de 2020 ditado polo Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e salvamento relativo á solicitude de cambio de titularidade de 5 vehículos de mando activos en distintos parques de bombeiros de concellos adscritos a este Servizo.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	3/61	

Tendo en conta que con data do 12.11.2021 baixo o CSV IV7FYOBTZH6S7PPK64GCAYCAKA consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta á tramitación da solicitude de cambio de titularidade dos 5 vehículos de mando que se describen a favor do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e é conformado pola preceptiva sinatura da Secretaría Xeral e ademais, pola sinatura da Intervención Provincial que o 16.11.2021 consta baixo o CSV IV7F2WD6HVMP6VGKAMYMOB7AIY en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Considerando que o Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e salvamento é unha entidade de dereito público integrado pola Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Lugo constituído á proposta da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Presidencia baixo o Decreto 19/2009, do 5 de febreiro polo que se aproba a súa constitución. E que está definido e cualificado xuridicamente como entidade de dereito público con personalidade xurídica propia e coa consideración de Administración pública tal e como contén o artigo 118 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e o artigo 2.3 da Lei 39/2018, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Considerando que a solicitude formulada polo Consorcio e contida no Decreto de 13 de outubro de 2020, expresa o interese na cesión da titularidade de 5 vehículos de mando en activo nos parques de bombeiros de Viveiro, Vilalba, Chantada, Sarria e Barreiros adscritos ao Consorcio provincial para a prestación do Servizo contra Incendios e salvamento de Lugo cuxo único uso é a realización da labores de emerxencia dos parque de bombeiros adscritos.

Así mesmo a solicitude expresa que estes vehículos están destinados ao uso do Consorcio desde que o 6 de xullo de 2009-segundo o contido da certificación expedida pola Secretaría Xeral da Deputación de Lugo- por Resolución da Presidencia de 19 de maio de 2009 se adxudicara un contrato de subministración de 5 vehículos de mando todoterreo para o Consorcio provincial contra

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	4/61



incendios e salvamento de Lugo. Pola dita adscripción dos ditos vehículos á defensa nacional ou á seguridade cidadá gozarán das exención que correspondan atendendo as que sobre o Imposto sobre vehículos de tracción mecánica contén o artigo 93 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

E identifica 5 vehículos de mando en activo nos parques de bombeiros anteriormente citados e adscritos ao Consorcio provincial para a prestación do Servizo contra Incendios e salvamento de Lugo e dos que acompaña as facturas de adquisición coa seguintes características:

MATRICULA	NUMERO DE BASTIDOR	MARCA E MODELO	EMPRESA SUBMINISTRADORA DATA DE ADQUISICIÓN	VALOR DE COMPRA +16% IVE +14,75% I. MATRICULACIÓN
9497GNJ	JMBLNV98W8J000610	MITSUBISHI MONTERO 5P 3.2 DI-D	Sport Auto Lugo, SL 08/07/2009	35.000,00 €= 26.768,64 € +4.282,98€+3.948,38 €
9395GNJ	JMBLNV98W8J000565	MITSUBISHI MONTERO 5P 3.2 DI-D	Sport Auto Lugo, SL 08/07/2009	35.000,00 €= 26.768,64 € +4.282,98 €+3.948,38 €
9503GNJ	JMBLNV98W8J000666	MITSUBISHI MONTERO 5P 3.2 DI-D	Sport Auto Lugo, SL 08/07/2009	35.000,00 €= 26.768,64 € +4.282,98 €+3.948,38 €
9411GNJ	JMBLNV98W8J000623	MITSUBISHI MONTERO 5P 3.2 DI-D	Sport Auto Lugo, SL 08/07/2009	35.000,00 €= 26.768,64 € +4.282,98 €+3.948,38 €
9403GNJ	JMBLNV98W8J000631	MITSUBISHI MONTERO 5P 3.2 DI-D	Sport Auto Lugo, SL 08/07/2009	35.000,00 €= 26.768,64 € +4.282,98 €+3.948,38 €

Tendo en conta que os vehículos solicitados constan no libro de Inventario Xeral de Bens e Dereitos desta Excma. Deputación Provincial, inscritos no epígrafe 5 folio nove segundo e cuxa valoración, idéntica para os cinco vehículos. atende á seguinte táboa resumo:

Valor no Inventario Provincial: Prezo de adquisición	Valor de Compra +16% IVE +14,75% I. Matriculación	Valor ano 2021: Orde HAC/1275/2020, 28 decembro (Art. 3, Anexo I * e Anexo IV)	Valor por aplicación táboas de amortización
34.990 €	35.000,00 € = 26.768,64 € +4.282,98€+3.948,38 €	Entre 3.780 € e 2.590 €	< 25% valor de adquisición

* Anexo I: Máximo e Mínimo do prezo medio do vehículo xa matriculado segundo as características de modelo e tipo do Todoterreo Montero Largo 3.2 DI-D.

Tendo en conta que estes vehículos están destinados desde a súa adquisición ao uso do Consorcio provincial contra incendios e salvamento de Lu polo que este feito descarta que esta entidade provincial precise do uso de tales vehículos.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	5/61



Tendo en conta o réxime xurídico, o presente procedemento encaixa no contido da Sección 3 relativa da LPAP relativo ao alleamento de bens mobles que recolle o procedemento nos seus artigos 142, 143 e 148.4 e nos artigos 121, 122 e 125.3 do RD 1373/2009, de 28 de agosto, do Regulamento Xeral da Lei 33/2003, LPAP que, sinalamos, non son de aplicación básica ás Entidades Locais.

O dito contido establece que poderán ser obxecto de cesión gratuíta os bens mobles que foran considerados obsoletos (devandito artigo 122.3); e en particular o citado artigo 143.3 LPAP establece que os bens mobles poderán ser cedidos gratuitamente a favor doutras Administracións Públicas cando se considere de forma razoada que non alcanzan o 25% do valor que tiveron no momento da súa adquisición. Así mesmo, sinala expresamente que o acordo de cesión leva implícita a desafectación dos bens. Respecto da finalidade da presente cesión entenderase cumprida coa vinculación ao destino e uso previsto durante un prazo de catro anos, procedendo no seu caso a resolución da mesma (art. 148.4 LPAP).

O procedemento culminará coa formalización da cesión, unha vez acordado polo órgano competente o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas que expresará a aceptación á que fai referencia o artigo 618 e seguintes do Código Civil así como o réxime de control á finalidade desta cesión.

Polo exposto, tendo en conta que corresponde ao Pleno Provincial en aplicación do nº 23 do artigo 57 do seu Regulamento Orgánico a adopción do acordo relativo á cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas, presuposto que require o voto favorable da maioría absoluta da Corporación a teor do artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril PROPONSE ao Pleno Provincial:

PRIMEIRO. Aprobar a cesión gratuita da titularidade dos seguintes vehículos a favor do Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra Incendios e salvamento:

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	6/61



MATRICULA	NUMERO DE BASTIDOR	MARCA
9497GNJ	JMBLNV98W8J000610	MITSUBISHI MONTERO
9395GNJ	JMBLNV98W8J000565	MITSUBISHI MONTERO
9503GNJ	JMBLNV98W8J000666	MITSUBISHI MONTERO
9411GNJ	JMBLNV98W8J000623	MITSUBISHI MONTERO
9403GNJ	JMBLNV98W8J000631	MITSUBISHI MONTERO

SEGUNDO Remitir este acordo ao Consorcio Provincial de Lugo para a prestación do Servizo contra incendios e salvamento para a súa aceptación.

TERCEIRO. Formalizar a presente transmisión de titularidade mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=3

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ADDENDA DE MODIFICACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a modificación quinta do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, coa finalidade común de colaborar na financiación e execución das obras para financiación, execución e entrega das obras

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	7/61



de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, que dispón o seguinte:

“Antecedentes

Pola Xunta de Goberno, en data 19 de maio de 2017, aprobouse o convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, sendo modificado por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de xullo de 2017 coa finalidade da adaptar o texto a normativa vixente, sendo subscrito o 20 de setembro de 2017.

O devandito convenio interadministrativo foi novamente modificado, por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, asinándose addenda de modificación o 29/12/2017; por acordo da Xunta de Goberno de data 04/10/2019, asinándose addenda o 02/12/2019; acordo da Xunta de Goberno de data 02/10/2020, asinándose addenda o 09/11/2020 e acordo da Xunta de Goberno de data 12-03-2021, asinándose addenda o 21 de abril de 2021, na que quedou establecido o cadro de financiamento:

	TOTAL EXECUCIÓN A 31/12/2020	APORTACIÓNS		
		CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMONS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	1.100.677,08 €	483.143,73 €	186.285,43 €	129.011,77 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

Con data 02/11/2021 recíbese escrito con RE nº 2021RPE030423 da Secretaría General da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, no que se solicita reaxuste dos importes das distintas anualidades e prórroga ata o 31-12-2023, achegando borrador da addenda de modificación ao convenio referenciado,.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	8/61



O Concello de Monforte de Lemos aprobará a modificación no seu orzamento, de proceder, antes da sinatura da modificación ao convenio interadministrativo de acordo coa proposta presentada pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Fundamentos de dereito:

PRIMEIRO.- O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

SEGUNDO.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

TERCEIRO.- O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	9/61	

vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a. Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

CUARTO.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

QUINTO.- En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

a. Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b. A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

c. O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	10/61	

d. Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

e. Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

f. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

g. Réxime de modificación do convenio.

h. Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

h.a. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

h.b. En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

SEXTO.- A colaboración entre administracións como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán ”Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	11/61



Nesta mesma liña de potenciar a colaboración entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...) ”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigo 2 e 3 que entre os obxectivos sinala “(...) b) manter e mellorar o nivel da poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	12/61



igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión, (...)”. O artigo 7 deste precepto sinala “O programa de Desenrolo rural sostible incluírá medidas destinadas a satisfacer necesidades e demandas sociais de grupos de poboación que requiran unha atención prioritaria, en particular, as mulleres, os xoves, os maiores e as persoas con discapacidade”.

Así mesmo, o artigo 23 desta mesma Lei 45/2007 sinala “No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servizos básicos, o PDRS poderá establecer medidas orientadas a: (...) d) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora, singularmente nas zonas rurais prioritarias, no marco da normativa reguladora da Administración Local. Favorecerase especificamente a prestación coordinada de servizos públicos entre municipios próximos.

A estes efectos debe terse en conta que aínda que a acción obxecto do convenio se desenvolva en zona urbana, o art. 3.a da amentada Lei 45/2007 establece a seguinte definición auténtica de medio rural: “Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km2.”

SÉTIMO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	13/61



e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

OITAVO.- O concello de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, establece na súa disposición adicional primeira “as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, ...”, debendo interpretarse co artigo 3.3 desta Lei, ao sinalar que non se entenderá como exercicio de novas competencias a colaboración entre administracións (...), que se artella neste convenio.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	14/61



prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais “os que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.

NOVENO.- Á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e control do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo (artigo 23 do Texto Refundido de la Lei de Augas) para cuxa finalidade poderá establecer convenios de colaboración coas Entidades Locais, ao amparo do disposto no artigo 25.2 da amentada disposición legal, que indica: “Os organismos de conca poderán celebrar convenios de colaboración coas CCAA, as Administracións Locais e as comunidades de usuarios para o exercicio das súas respectivas competencias, conforme ao disposto na lexislación vixente.”

DÉCIMO.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	15/61



Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia.

Así, para a consecución do fin común perseguido polas tres administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Monforte de Lemos dun saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, pola Confederación Hidrográfica Miño Sil achégase proposta de modificación, que afecta ao anexo I relativo ás anualidades, segundo o establecido na cláusula segunda, apartado terceiro “en caso de resultar necesaria la modificación de las anualidades, ésta se realizará a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, cuando sea preciso, para acomodar la financiación al ritmo de ejecución de las actuaciones”. Con esta modificación, o anexo I, relativo ás aportacións, e execución nas distintas anualidades, quedaría do seguinte xeito:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	857.100,00 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	243.577,08 €	106.573,00 €	76.126,57 €	60.877,51 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

A execución do contrato foi inferior á prevista na adxudicación (fase D), polo que as aportacións dos cofinanciadores exceden do finalmente executado nesa anualidade.

Ademais preténdese a prórroga do convenio ata o 31 de decembro de 2023. Non obstante, se nesta data non se finalizan as actuacións obxecto do mesmo nin se puideran recepcionar as obras, os asinantes poderán acordar unanimemente unha prórroga dentro dos límites temporais establecidos no artigo 49.h da Lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	16/61



conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

DÉCIMO PRIMEIRO.- A presente modificación do convenio non lle é de aplicación a lexislación en materia de contratos:

a. Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

b. Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

DÉCIMO SEGUNDO.- En canto ao órgano competente sinalar que inda que o Convenio e addenda ao mesmo foi aprobada pola Xunta de Goberno, esta addenda, de ampliación de prazos adicionais (mais aló dos 4 anos que fixa o artigo 49 da Lei 40/2015), segundo o artigo 57, apartado 20 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde ao Pleno, atendendo a duración do convenio.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	17/61



Así pois a proposta de Addenda de modificación quinta do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente a nova distribución por anualidades e a ampliación da vixencia do devandito convenio ata o 31 de decembro de 2023..

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Polo anteriormente exposto, propoño que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Que se aprobe a addenda de modificación quinta do convenio interadministrativo, a solicitude da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, o concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co obxecto de colaborar na financiación, execución e entrega ao Concello das obras de proxecto de mellora na rede saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, nos seguintes termos:

Modificar as aportacións a efectuar polos asinantes, quedando do seguinte xeito:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL, O.A.	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMONS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	252.132,92 €	0,00 €	296.863,02 €	257.506,05 €
2021	857.100,00 €	376.570,73 €	110.158,86 €	68.134,26 €
2022	243.577,08 €	106.573,00 €	76.126,57 €	60.877,51 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00€

2º.- Acordar a prórroga do convenio asinado co obxecto de colaborar na financiación, execución e entrega ao Concello das obras de proxecto de mellora na rede saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, ata o 31 de decembro de 2023”.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	18/61



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=4

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SEGUNDA ADENDA DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE LUGO, PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “LUGO+BIODINÁMICO-PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTIECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA PARA A CIDADE DE LUGO” PRESENTADO POLO CONCELLO Á CONVOCATORIA LIFE 2014 SUBPROGRAMA “ACCIÓN POLO CLIMA”.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Deputado Delegado de Medio Ambiente, do seguinte teor:

Antecedentes

Primeiro: Por Decreto da Presidencia da Deputación Provincial de Lugo nº 2375 de data 15 de outubro de 2014, adoptouse o seguinte acordo:

“1º.- Prestar aprobación á participación como cofinanciador no proxecto “LUGO+BIODINÁMICO – PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA PARA A CIDADE DE LUGO” cun compromiso financeiro de 526.220,0 €.

2º.- Aprobar que se cumprimente e envíe o formulario titulado “CO-FINANCER PROFILE AND COMMITMENT FORM” (Perfil do cofinanciador e compromiso) ao Beneficiario

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	19/61	

Coordinador do proxecto, segundo o modelo que se achega coa presente proposta.”

Segundo: O convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi-Ecolóxico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”, formalizouse o 21 de setembro de 2016 e foi obxecto de adenda o 21 de decembro de 2020.

Terceiro: O 3 de setembro de 2021 (nº de rexistro de entrada 2021RPE025133), a Alcaldesa do Concello de Lugo presentou na Deputación de Lugo unha comunicación de concesión da prórroga do Proxecto Life Lugo+Biodinámico por parte da Comisión Europea.

A comunicación do Concello de Lugo inclúe a comunicación oficial da concesión de prórroga por parte da Comisión Europea.

Cuarto: Revisada a documentación presentada por parte da Deputación de Lugo, e co obxectivo de adaptar o convenio formalizado co Concello de Lugo aos novos prazos concedidos pola Comisión Europea, o día 15 de outubro de 2021 requiríuse ao Concello de Lugo para que presentase o novo cadro orzamentario do proxecto actualizado ao novo prazo de execución, indicando as anualidades, as actuacións do proxecto, os orzamentos e os porcentaxes de imputación de custes ao Concello de Lugo e á Deputación de Lugo, solicitando ademais que o importe correspondente á anualidade 2021 se inclúa na súa totalidade no ano 2022.

Quinto: O 5 de novembro de 2021 (nº de rexistro de entrada 2021RPE030791), a Alcaldesa do Concello de Lugo remitiu á Deputación de Lugo o informe emitido polo Xerente do Proxecto Life Lugo+Biodinámico con data do 28 de outubro de 2021, no que se recollen os datos requiridos e no que literalmente se recolle o seguinte:

“Atendendo a dito requirimento achégase a continuación a información solicitada:

O orzamento inicial do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico sufriu variacións típicas asociadas aos proxectos LIFE, xa que inicialmente estimáronse accións e actividades cunha duración maior a 3 anos, polo que durante a execución das mesmos prodúcense alteracións

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	20/61



No caso do proxecto LIFE Lugo+Biodinámico, o custe total asumido polo Concello de Lugo incrementouse con respecto ao orzamento inicial, xa que é necesario abordar a execución do edificio Impulso Verde de acordo cos condicionantes establecidos no proxecto, así como o propio Concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela. Este incremento do orzamento é asumido ao 100% polo concello de Lugo, de modo que as porcentaxes de distribución de gasto non se modificaron, así como a achega monetaria da Deputación de Lugo.

Por esta razón pódese observar unha diferenza da achega municipal con respecto á sinatura do convenio inicial. No entanto, incídese en que o importe a achegar pola Deputación de Lugo mantense invariable.

Distribución orzamentaria de acordo ao Convenio Inicial	IMPORTE	
TOTAL PROXECTO	1.768.900,00 €	
TOTAL CLUGO+DLUGO	1.067.560,00 €	%
CUSTE CLUGO	541.340,00 €	50,71 %
CUSTE DLUGO	526.220,00 €	49,29%

A continuación recóllese o novo cadro orzamentario e as porcentaxes de imputación de custes para as novas anualidades de acordo as estimacións de gasto realizadas.

LIFE – CADRO ORZAMENTARIO PARA AS NOVAS ANUALIDADES											
ACC	DESCRIPCIÓN	100% COSTE	Custe CLUGO DUIGO	2014	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAIS LIFE CLUGO DUIGO
A1	Personal municipal	39.282,03	15.712,81			7.432,81	3.952,16	1.747,97	1.040,00	1.539,87	15.712,81
C1	Redacción catálogo de solucións de deseño urbano Adapth	44.900,00	17.940,00				16.181,96		1.778,04		17.960,00
A4/C2	Plan Estratégico Biodinámico	122.978,00	49.191,20				171,20	32.680,00	16.340,00		49.191,20
C3	Planificación de zonas de confort climático residencial (ZCCR)	37.400,00	14.960,00							14.960,00	14.960,00
E/F2	Actividades de difusión e sensibilización	278.807,59	111.523,04	3.927,92	240,00	945,73	55.711,35	9.369,03	13.724,82	27.604,19	111.523,04
F1	Asistencia técnica de xestión e seguimento do proxecto	167.000,00	66.800,00			16.700,00	25.050,00	16.700,00	5.566,66	2.783,34	66.800,00
F4	Auditoría	5.300,00	2.120,00							2.120,00	2.120,00
C11	Prototipo-Edif Impulso Verde (gridshell)	197.843,25	79.137,30						79.137,30		79.137,30
C11	Prototipo-Edif Impulso Verde	1.069.932,78	926.059,30						740.847,44	185.211,86	926.059,30
C11	Xordin vertical Edif Impulso Verde	35.600,00	14.240,00							14.240,00	14.240,00
TOTALES LIFE		1.999.043,65	1.297.703,65	3.927,91	240,00	25.078,54	101.046,47	60.497,00	858.434,26	240.459,24	1.297.703,65
			CLUGO	1.989,09	121,70	12.714,82	51.240,80	30.671,98	429.953,64	14.647,75	541.340,00
			DUIGO	1.938,82	118,30	12.363,72	49.825,87	29.825,02	0,00*	432.148,27*	524.220,00
			CLUGO ENGADIDO	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	230.143,65	230.143,65

Distribución orzamentaria actualizada de acordo ás novas anualidades											
			IMPORTE								
TOTAL PROXECTO			1.999.043,65 €								
TOTAL CLUGO+DUIGO			1.297.703,65 €	COMPARTIDO				%		EXCLUSIVO CLUGO	
CUSTE CLUGO INICIAL			541.340,00 €					50,71%			
CUSTE DUIGO			526.220,00 €					49,29 %			
CUSTE CLUGO ENGADIDO			230.143,65 €					-		100,00 %	

*O importe que correspondería á anualidade de 2021 da Deputación de Lugo (417.913,94 €) trasládase ao ano 2022

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	21/61



Sexto: Por todo o anteriormente citado, é necesario introducir modificacións no convenio, motivadas pola necesidade de modificar tanto os prazos como o reparto orzamentario por anualidades.

Sétimo: Deste xeito preténdese modificar as seguintes cláusulas:

1. A cláusula segunda, sobre o financiamento do convenio de colaboración.
2. A cláusula terceira, sobre a duración do convenio de colaboración e causas de resolución.

As cales quedarían redactadas no seguinte senso:

- Cláusula SEGUNDA

“O proxecto “Lugo+Biodinámico-planificación dun barrio multi-ecolóxico como modelo de resiliencia urbana para a cidade de Lugo “ aprobado pola Comisión Europea ten un orzamento total de 3.588.551,00 € dos que a Deputación achegará 526.220,00 €, incluíndo nos sucesivos orzamentos anuais os seguintes importes:

ANO	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
ANUALIDADE (€)	1.938,82	118,30	12.363,72	49.825,87	29.825,02	0,00	432.148,27	526.220,00

A Deputación de Lugo fará efectivo o pago de cada anualidade tras certificación do Concello de Lugo manifestando ter realizado pagos polos importes que se solicitan no desenvolvemento das actuacións incluídas na globalidade do Proxecto LIFE14 CCA/ES/00489 LUGO + BIODINÁMICO, e tendo en conta o porcentaxe que lle corresponde aportar a esta Deputación. Coa dita certificación deberá presentar unha memoria xustificativa da totalidade dos traballos realizados no Proxecto na anualidade que corresponda, xunto cunha relación de facturas e copia das mesmas, así como os oportunos xustificantes de pago polo importe da aportación desta Deputación.

O Concello de Lugo deberá presentar tamén unha declaración na que conste que a Entidade á que representa:

- Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Está ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	22/61



- Non está incurso en ningunha das prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para obter a condición de beneficiaria da subvención solicitada.

Os importes presupostados e non xustificadas nunha anualidade poderanse xustificar en anualidades posteriores, sempre dentro do calendario máximo de xustificación permitido pola Comisión Europea.

A Deputación de Lugo colabora no Proxecto como cofinanciador, de xeito que só contribúe ao proxecto con recursos financeiros, non ten responsabilidades técnicas, e non se pode beneficiar da contribución financeira da Unión Europea. Tampouco pode, no contexto do proxecto, actuar como subcontratista de ningún dos beneficiarios do proxecto.”

- Cláusula TERCEIRA

“A vixencia deste convenio será de 8 anos a contar dende a formalización do mesmo, (en cumprimento do establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

O prazo de execución (efectos do convenio) abarca dente o 18 de xaneiro de 2016 ata o 31 de decembro de 2022.

Modificación:

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio estea vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP no sucesivo). A modificación do convenio se levara a cabo mediante adenda ao mesmo.

Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada LRXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	23/61



O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP)”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda adenda, permanecerán invariables.

Oitavo: O 17 de novembro de 2021, o Servizo de Medio Ambiente desta Deputación emitiu informe favorable sobre a segunda adenda do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi-Ecolóxico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”, nos termos da segunda adenda que se incorpora ao expediente.

Posteriormente, o Servizo de Contratación e Fomento emitiu informe favorable o día 19 de novembro de 2021, e a Intervención o día 24 de novembro de 2021.

Neste informe de Intervención especificase o seguinte:

1º) O importe do convenio ascende a 526.220,00 euros e finánciase de acordo ás seguintes anualidades:

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES	DOCUMENTOS CONTABLES
2016		1.938,82	R: 22019/8425
2017		118,30	R:22019/8426
2018		12.363,72	R: 22019/17760
2019	1720.7620055	49.825,87	AD:22020/4666
2020	1720.7620055	29.825,02	AD: 22020/4666
2021	1720.76200	0,00	
2022	1720.76200	432.148,27	AD: PENDENTE DE APROBACIÓN POLO PLENO
SUMA		526.220,00	

2. O financiamento da anualidade 2022, ascendente a 432.148,27 euros queda supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estando incluída no proxecto de orzamento xeral da Deputación de Lugo de 2022 na aplicación orzamentaria 1720.76200.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	24/61



Por todo o exposto anteriormente, e analizando o informe elaborado polo Servizo de Medio Ambiente da Deputación de Lugo, propónse ao Pleno da Deputación que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a segunda adenda do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Lugo para a execución do proxecto “Lugo + Biodinámico – Planificación dun Barrio Multi-Ecolóxico como Modelo de Resiliencia Urbana para a cidade de Lugo” presentado polo Concello de Lugo á Convocatoria LIFE 2014 Subprograma “Acción polo Clima”, na que se fagan constar as modificacións identificadas na presente proposta:

ANUALIDADES	APLICACIÓNS	IMPORTES	DOCUMENTOS CONTABLES
2016		1.938,82	R: 22019/8425
2017		118,30	R:22019/8426
2018		12.363,72	R: 22019/17760
2019	1720.7620055	49.825,87	AD:22020/4666
2020	1720.7620055	29.825,02	AD: 22020/4666
2021	1720.76200	0,00	
2022	1720.76200	432.148,27	AD: PENDENTE DE APROBACIÓN POLO PLENO
SUMA		526.220,00	

2º.- Aprobar o financiamento da anualidade 2022, ascendente a 432.148,27 euros, supeditado ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, estando incluída no proxecto de orzamento xeral da Deputación de Lugo de 2022 na aplicación orzamentaria 1720.76200”.

A adopción do presente acordo polo órgano competente resulta urxente, a fin de garantir a continuación na execución das actuacións dentro da programación económica e temporal obxecto da modificación, que se estima acorde cos intereses das partes que interveñen no convenio, e co programa de financiación con fondos da Unión europea, non admitindo demora a súa aprobación, en orde a cumprir coa maior celeridade cos trámites que implican os compromisos adquiridos polas partes”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	25/61



Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=5

**COMISIÓNS DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, E
DE ASUNTOS DO PLENO**

**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PROXECTO DE ORZAMENTO DA
EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA O ANO 2022, E DOCUMENTACIÓN QUE
SE ACOMPAÑA.**

Logo de ver o ditame das Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, e de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“A Proposta de Acordo sometida a votación é a seguinte:

“^Proposta do Presidente

1.- O proxecto de Orzamento Xeral da propia entidade ascende a 96.846.556,26 €.

Aumenta en 7.638.964,48 € respecto de 2021, o que representa o 8,56 %.

O ámbito subxectivo a efecto de delimitar o perímetro de consolidación de tódolos entes dependentes da Deputación clasificados como “Administración Pública” pola IGAE, co fin de avaliar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade, débeda pública, e regra de gasto que establece a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria (LOE), é preciso engadir o Consorcio Provincial de extinción de incendios, co seguinte detalle:

- A propia entidade:	96.846.556,26 €
- Consorcio Provincial de extinción de incendios:	5.613.399,41 €
- Consolidación dos 2 entes (LOE)	100.165.599,49 €

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	26/61	

Aumenta en 7.746.846,53 € respecto de 2021, o que representa o 8,38 %.

Os estados de ingresos e gastos por capítulos preséntanse segundo o seguinte resumo:

	ORZAMENTO DEPUTACIÓN	Consortio Bombeiros	TRANSFER. OP. INTERNAS	TOTAL CONSOLIDADO
I N G R E S O S				
Op. non financeiras (1-7)	96.546.556,26 €	5.613.399,41 €	2.294.356,18 €	99.865.599,49 €
1. IMPOSTOS DIRECTOS	6.239.381,06 €	- €		6.239.381,06 €
2. IMPOSTOS INDIRECTOS	7.281.211,74 €	- €		7.281.211,74 €
3. TAX., P. PÚBL. E OUTROS INGR.	4.336.722,48 €	1.024.687,05 €		5.361.409,53 €
4. TRANSFERENCIAS CORRENTES	77.793.783,63 €	4.588.712,36 €	2.294.356,18 €	80.088.139,81 €
5. INGRESOS PATRIMONIAIS	35.000,00 €	- €		35.000,00 €
6. ALLEAMENTO DE INVEST. REAIS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
7. TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	560.457,35 €	- €		560.457,35 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €	- €	- €	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €			300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	- €			- €
TOTAL	96.846.556,26 €	5.613.399,41 €	2.294.356,18 €	100.165.599,49 €
G A S T O S				
Op. non financeiras (1-7)	94.933.091,93 €	5.613.399,41 €	2.294.356,18 €	98.252.135,16 €
1. GASTOS DE PERSOAL	29.550.630,88 €	4.424.855,75 €		33.975.486,63 €
2. G.TOS.CORR. EN BENS E SERV.	28.939.713,47 €	932.200,00 €		29.871.913,47 €
3. GASTOS FINANCIEROS	241.900,00 €	100,00 €		242.000,00 €
4. TRANSF. CORRENTES	16.090.716,22 €	- €	2.294.356,18 €	13.796.360,04 €
5. FONDO CONT. E OUT. IMP.	1.075.491,73 €	171.119,54 €		1.246.611,27 €
6. INVERSIONES REAIS	10.154.231,87 €	85.124,12 €		10.239.355,99 €
7. TRANSF. DE CAPITAL	8.880.407,76 €	- €		8.880.407,76 €
Op. financeiras (8-9)	1.913.464,33 €	- €	- €	1.913.464,33 €
8. ACTIVOS FINANCIEROS	300.000,00 €	- €		300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCIEROS	1.613.464,33 €	- €		1.613.464,33 €
TOTAL	96.846.556,26 €	5.613.399,41 €	2.294.356,18 €	100.165.599,49 €

Cúmrese cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e débeda pública. O límite de gasto non financeiro ascende a 99.865.599,49 €, atendendo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional.

A masa salarial consolidada do persoal laboral incluída no orzamento 2022, formada por todas as retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social, no seu caso, e sen

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	27/61



aumento retributivo para 2022, resulta una masa salarial laboral consolidada en 2022 ascendente a 7.029.259,36 €, co seguinte detalle:

Deputación: 4.023.293,93 €

Consorcio de extinción de Incendios: 3.005.965.43 €

Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2022, consignando a tal fin a previsión do 2% das retribucións no fondo de continxencia.

Ó Orzamento Xeral únense como anexos:

- Plan Orzamentario a medio prazo (2022-2024).
- Anexo de Investimentos ou Plan de Investimentos da propia Entidade.
- O Estado de previsión dos movementos e situación da débeda.
- Como documentación complementaria achégase a previsión do Orzamento do Consorcio Provincial de Lugo para prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.
- Informe de avaliación de estabilidade, límite de gasto non financeiro e débeda pública.

2.- O Orzamento da propia Entidade en 2021 estaba cifrado en 89.207.591,78 €, o presente aumenta en 7.638.964,48 €, o equivalente 8,56 %, e distingue entre ingresos e gastos por operacións non financeiras e financeiras, co seguinte detalle:

INGRESOS	
Op. non financeiras (1-7)	96.546.556,26 €
Oper. Corr. (1-5)	95.686.098,91 €
Oper. Cap. (6 -7)	860.457,35 €
Op. financeiras (8-9)	300.000,00 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	- €
TOTAL INGRESOS	96.846.556,26 €
GASTOS	
Op. non financeiras (1-7)	94.933.091,93 €
Oper. Corr. (1-5)	75.898.452,30 €
Oper. Cap. (6 -7)	19.034.639,63 €
Op. financeiras (8-9)	1.913.464,33 €
8. ACTIVOS FINANCEIROS	300.000,00 €
9. PASIVOS FINANCEIROS	1.613.464,33 €
TOTAL GASTOS	96.846.556,26 €

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	28/61



Os Capítulos de Investimentos e de Transferencias de capital ascenden a 19.034.639,63 €, aumenta en 2.730.570,57 € respecto ao 2021, equivalente ao 19,65 % do orzamento, e se financian do seguinte xeito:

-Transferencias de capital:	560.457,35 €
-Alleamento de investimentos reais	300.000,00 €
-Recursos ordinarios:	18.147.182,28 €
-Operación de crédito a l/p:	0,00 €

Os Capítulos 6 e 7 son obxecto de aumento pola incorporación de remanentes, e por outras modificacións orzamentarias ao longo do exercicio.

Ao Orzamento da propia Entidade únese como documentación complementaria:

- Memoria.
- Liquidación do Orzamento de 2020, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario.
- Liquidación do Orzamento de 2021 referida a seis meses do exercicio, resumida por capítulos, así como do resultado orzamentario sen axustar.
- Estimación da Liquidación do orzamento de 2021 referida ao 31 de decembro.
- Anexo de persoal, e masa salarial laboral.
- Anexo ou Plan de investimentos que se prevé realizar no exercicio, debidamente codificado, e o seu financiamento.
- Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.
- Anexo de información sobre convenios subscritos coa CCAA, en materia de gasto social.
- Informe económico-financeiro.

3.- Inclúense as Bases de Execución que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria e fiscalizadora á organización e circunstancias da Deputación, sendo de aplicación ao Consorcio en función da súa maior ou menor identidade orgánica ou funcional.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	29/61	

Polo que vai dito, o presente Orzamento Xeral informado pola Interventora, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (art. 112), do Rdl 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (art. 162 e seguintes), e Rd 500/90, do 21 de abril, propónse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Aprobación do Orzamento Xeral para o exercicio 2022 que ascende a 96.846.556,26 €, cos estados de gastos e ingresos, segundo resumo anterior, e coa documentación anexa e complementaria á cal se fai referencia e que se une ao expediente.

2º.- Aprobación do Cadro de Persoal da Deputación, tanto de funcionarios como de persoal laboral, segundo figura no expediente confeccionado ao efecto polo Servizo de Persoal.

3º.- Aprobación das Bases de Execución do Orzamento Xeral.

4º.- Aprobación do límite de gasto non financeiro para 2022 ascendente a 99.865.599,49 €, e a masa salarial consolidada do persoal laboral que ascende a 7.029.259,36 €.

5º.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo (2022-2024).

6º.- Dación de conta do Plan de Inversión e Financiamento do 2022.

7º.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público por un prazo de quince días, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo iso aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado se durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas”.

As Comisións Informativas de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, e Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao, D. José Angel Santos Sánchez, Dª. Dolores Castro

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	30/61	

Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=6

--00000--

7.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA EVITAR EXPOLIO DOS MONTES VECIÑAIS.

Logo de ver a proposta de Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para evitar o expolio dos montes comunais.

Exposición de Motivos:

Na última década consolidouse a práctica exercida polo goberno da Xunta da Galiza de modificar as leis que regulan a vida dos/as galegos/as mediante a inclusión na Lei de medidas administrativas e fiscais (lei de acompañamento dos orzamentos). Unha práctica que furta o debate

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	31/61	

e a consulta coas organización sociais e sectoriais do País e que incluso reduce a actividade parlamentar sobre as mesmas. Polo tanto unhas prácticas totalmente antidemocráticas.

Isto inflúe especialmente nas leis que afectar o agro e o medio rural, con exemplos tan claros como a Lei de montes ou a Lei de incendios, que sufriron modificacións practicamente todos os anos desde a súa promulgación.

Nesta ocasión o Partido Popular (PP) na lei de acompañamento, que se ven de debater no Parlamento Galego os días 23 e 24 de este mes, prantexa varias modificacións á Lei de Montes Veciñais en Man Común que supoñen un agravio importante sobre a figura do monte veciñal en man común e os dereitos da veciñanza comuneira.

Unha das modificacións prevé que aqueles montes veciñais en man común que se atopen en situación de pendencia por inexistencia, extinción da comunidade veciñal, os montes veciñais, pasen os concellos. Non como xestores cautelares, senón como titulares provisionais.

Outra das modificacións prevé que os montes veciñais en man común poden ser declarados en estado de grave abandono ou degradados por cuestións simplemente burocráticas. E unha vez declarado en estado de grave abandono ou degradado entregada a súa xestión por 50 anos a empresas ou outras entidades alleas.

Ante este atropelo cara o monte veciñal e contra os intereses da veciñanza comuneira, so procede a retirada das modificacións da lei de montes veciñais da lei de acompañamento dos orzamentos da XUNTA.

Este pasado mércores día 24 de Novembro, diante do Parlamento Galego, houbo unha concentración en demanda da paralización desta agresión contra os montes veciñais en man común. Nesa concentración anunciábase publicamente a promulgación de unha lei de montes veciñais mediante unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP).

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	32/61	

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a retirada das modificacións da lei de montes veciñais propostas na lei de acompañamento dos seus Orzamentos 2022.

2º.- Instar ao goberno da Xunta de Galiza a debater no seo do Consello Forestal de Galiza, consultando a todo o sector e escoitando as comunidades de montes e as súas organizacións para rematar nun debate normal no Parlamento Galego”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=7

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE A REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA NO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO.

Logo de ver a Moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre a reformulación da atención primaria no sistema sanitario público galego.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	33/61	

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema de atención primaria, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afrente a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor CCAA de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media española en torno a 480), e tamén a terceira CCAA con peor ratio de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98%.

A pesar diso, na última década Galicia deixou de formar a 150 médicos/as de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo perdendo a oportunidade de xerar maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para todo o Estado e, tamén, para Galicia. Esta convocatoria histórica tamén o foi para medicina familiar e comunitaria e para a pediatría en atención primaria.

A análise titulada *Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde* permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos. Os expertos sinalan deficiencias en xestión de persoal, en coordinación e planificación da estrutura de funcionamento e en falla de formación e investigación.

Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia unha real reformulación de atención primaria que se fundamente nas seguintes liñas estratéxicas:

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	34/61



- Incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a – enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.
- Mellora das condicións de eventualidade para os profesionais do SERGAS contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando os contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.
- Implementar unha xerencia de atención primaria en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada, dotándoa de recursos e autonomía de xestión
- Promover a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, posibilitando a existencia de primeiras consultas de saúde mental nos propios centros de saúde.
- Ampliar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=8

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE OS XEODESTINOS EXISTENTES NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a Moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre os xeodestinos existentes na provincia de Lugo.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	35/61



O pasado 13 de novembro, a prensa lucense recollía o acto no que os concellos de O Incio, Samos, O Courel e Triacastela presentaron o xeodestino Courel. O que debería ser unha boa noticia para o impulso do turismo na nosa provincia, volve sementar dúbidas acerca do respaldo real da Xunta de Galicia a esta figura, recollida na Lei de Turismo do ano 2011.

Cumpre lembrar que a Xunta de Galicia presentou o 30 de novembro de 2011 o mapa de xeodestinos de Galicia. Neste acto mediático, protagonizado polo presidente da Xunta, déronse a coñecer 14 xeodestinos: Rías Altas, Costa da Morte, Terras de Santiago, Mariña Lucense, Lugo e Terra Chá, Ancares-Courel, Ribeira Sacra, O Ribeiro, Terras de Ourense-Allariz, Celanova-Limia, Verín-Viana, Manzaneda-Trevinca, Rías Baixas e Deza-Tabeirós.

A web de turismo de Galicia segue a falar destes 14 xeodestinos, o que non reflicte xa a realidade. Na provincia de Lugo, o xeodestino Ancares-Courel ten quedado substituído polos xeodestinos Ancares-Terras de Burón, por un lado, e Courel polo outro. A pesares de que o xeodestino Ancares-Terras de Burón foi un dos protagonistas deste ano na feira Fitur, contando cunha destacada presenza institucional da Xunta, este xeodestino non existe na web oficial de Turismo, que mantén só Ancares-Courel.

No que fai á nosa provincia, a Xunta ten empregado indistintamente o termo xeodestino e subxeodestino (que non existe na lei de Turismo) para falar do Courel, nos convenios firmados co GDR Ribeira Sacra-Courel (por exemplo no do 23 de setembro de 2020) Ó día seguinte de firmar un convenio co xeodestino Courel, a Xunta asinaba outro para a reactivación do turismo no xeodestino Ancares-Courel.

A confusión xerada pola Xunta en torno ó concepto de xeodestino, réstalle eficacia a esta figura á hora de converterse no instrumento impulsor do turismo que recolle a Lei 7/2011. Algo que resulta especialmente grave neste momento no que o sector turístico precisa claridade e políticas de estímulo. Por todo isto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	36/61



- Que abra un proceso de diálogo cos concellos e as Deputacións para clarificar a situación real do actual mapa de xeodestinos.
- Que o mapa resultante dese proceso adquira carácter oficial, co seu debate no Parlamento de Galicia e a súa publicación no DOG, como paso previo á actualización da información oficial na web de Turismo de Galicia
- Que proceda a desenvolver o marco normativo, para definir con claridade o proceso de creación dos xeodestinos así como a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa.
- Que a Xunta habilite unha liña específica de financiamento para os xeodestinos galegos, con fondos repartidos con criterios obxectivos, que garanta unha achega de fondos que permita ós concellos que os conforman desenvolver unha actividade planificada é continuada no tempo”

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:

“A Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a que unha vez atendidas as consultas e achegas relativas á modificación do Mapa de Xeodestinos presentadas polas entidades locais, e segundo o artigo 23 da Lei de Turismo de Galicia, previa consulta aos concellos e entidades supramunicipais, proceder á elaboración e publicación do Mapa Definitivo dos Xeodestinos turísticos de Galicia, así como a desenvolver un marco normativo que regule esta figura e a definición dos seus órganos xestores, funcións, competencias e os mecanismos de modificación do mapa”.

Tendo en conta que non se admite a emenda de substitución, efectúase a votación da moción tal e como foi presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	37/61



Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=9

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, EN DEFENSA DA CALIDADE DO ENSINO NOS CENTROS EDUCATIVOS DO RURAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A Deputada Provincial D. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, na súa calidade de representante do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en defensa da calidade do ensino nos centros educativos no rural.

Exposición de Motivos:

Dende o BNG traemos esta moción ao pleno para a defensa da calidade do ensino nos centros educativos do rural, xa que nestes intres o profesorado, alumnado e ANPAS da montaña lucense, atópanse inmersos en mobilizacións motivadas polo desleixo e menosprezo da Consellaría de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galiza. Sirva de exemplo o que ven acontecendo co IES de Becerreá.

Queremos salientar que son centros educativos nos que os bos resultados académicos acadados nas probas ABAU, froito do esforzo docente, do alumnado e das súas familias, foron recoñecidos este mesmo ano polo propio Conselleiro de Educación.

É por isto, polo que sorprende a Instrución por parte da Consellaría, da supresión dalgunhas materias que ata o de agora se impartían con menos de 5 alumnas/os, provocando a desaparición da materia de Francés. O que cabe salientar e por de manifesto, xa que se trata dunha materia da que o

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	38/61	

alumnado pode examinarse na ABAU e que conta coa máxima ponderación posible (0,2) na proba de acceso aos estudos de grao.

Aínda resulta máis sorprendente tal decisión cando se sabe que no caso do IES de Becerreá se conta cunha profesora de Francés con praza fixa e horario dispoñible para impartir a materia nos cursos mencionados e polo tanto non implicaría ningún incremento de recursos de persoal, se non un aproveitamento racional deses recursos e ademais non prexudicaría ao alumnado que neste intre atópase nunha situación de desigualdade en relación con outros centros educativos de fóra do rural.

O modelo educativo que está a aplicar a Xunta de Galiza é un modelo deseñado para colexios nos que teñen exceso de matrícula, pero non serve para centros educativos cun baixo número de alumnado; pero é que as nenas e nenos non son números, son o futuro do país.

As familias que deciden vivir no rural non deben ser cidadáns de segunda, e pagan os impostos para poder ter servizos de calidade. O que están a facer coas políticas educativas non é suprimir unha materia, se non eliminar oportunidades e afondar na desigualdade, que provoca o despoboamento continuado do rural.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción do seguintes acordos:

- 1.- Que a Xunta de Galiza garanta a máxima calidade no IES de Becerreá e demais centros do rural e a igualdade de oportunidades para o alumnado.
- 2.- Planificar o Ensino na montaña de Lugo optimizando os recursos para que o alumnado teña unha discriminación positiva.
- 3.- Facer do Ensino no rural unha ferramenta que permita fixar poboación de cara o futuro.
- 4.- Eliminar a norma do mínimo de 5 alumnas/os nos centros de ensino do rural para cursar unha materia”.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	39/61



O Grupo Provincial do BNG presenta unha corrección da moción presentada, que di textualmente o seguinte:

“É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que garanta a máxima calidade no IES de Becerreá e demais centros do rural e a igualdade de oportunidades para o alumnado.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que planifique no Ensino na montaña de Lugo a optimización dos recursos para que o alumnado teña unha discriminación positiva.

3.- Instar á Xunta de Galicia a facer do Ensino no rural unha ferramenta que permita fixar poboación de cara o futuro.

4.- Instar á Consellería de Cultura, Educación e Universidades á eliminación da norma do mínimo de 5 alumnas/os nos centros de ensino do rural para cursar unha materia”.

Efectuada a votación da moción coa modificación presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=10

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	40/61	

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en apoio do sector lácteo

Exposición de Motivos:

En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción – Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias–. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

A principal zona produtora de leite en Galicia circunscríbese á zona central de A Coruña, á zona central e sur da provincia de Lugo e á zona norte - interior da provincia de Pontevedra. Por provincias, é a de Lugo a que aglutina o 44% das explotacións gandeiras de produción láctea de Galicia sumando un total de 3.131 no ano 2020 que venderon a primeiros compradores. A súa produción neste mesmo período -1.267.905.036 litros- supuxo o 45% do total de Galicia. E a estes, hai que engadir tamén os 19 produtores que declararon unha venda directa de 1.584.653 litros de leite ou produtos lácteos.

Perante a relevancia deste sector na nosa comunidade e, nomeadamente, na nosa provincia, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias –que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	41/61



enerxía– dificulta a sustentabilidade económica das gandaría, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Ante este incremento dos custos de produción, os gandeiros están a esixir que o prezo que reciben polo leite cubra os seus gastos que supón produci-lo. Así o reclamaron a comezos deste mesmo mes de novembro na rúa e a través doutras medidas de protesta.

O compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma lexislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras -como os nosos gandeiros están a demandar- como instrumento redutor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a Lei de recuperación da terra agraria, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

En relación a esta Estratexia, a Consellería do Medio Rural desenvolve accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (*Gandeiros 20-30*) e puxo en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada “Conta Láctea”, foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o coste de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	42/61



Pero, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámites previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso, a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de “Leite de Pastoreo de Galicia”. Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía “Galega 100%” que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordos.

1.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a. Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b. Dar cumprimento á solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	43/61



modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da “Conta láctea” ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c. Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como “Galega 100%” e “Leite de pastoreo de Galicia”.

4.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea.”

Ante esta moción preséntase unha emenda do Grupo Provincial Socialista e outra do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

Emenda de substitución presentada polo Grupo Provincial Socialista:

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	44/61	

“Substituir a redacción orixinal da proposta de acordo pola seguinte proposta de acordo.

“I. O Pleno da Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a que tome medidas para paliar a diferencial de prezo en orixe do leite respecto doutros territorios (Asturas-3€/100 litros, Media estatal -1€/100 litros).

II. Convoque con carácter de urxencia axudas dirixidas ás explotacións de vacún de leite que lles permitan a súa continuidade neste contexto de forte incremento dos custos de produción e mentres non se actualicen o prezo establecido nos contratos de subministración de leite para que este cubra os custos de produción segundo establece a Lei da cadea.

III. Poña en marcha medidas de apoio financeiro ás explotacións de vacún de leite que inclúa unha liña de refinanciamento de pasivos e outra de apoio a circulante.

IV. Axilice o pagamento dos anticipos das axudas da Política Agrícola Común.

V. Reduza a carga que para as explotacións de vacún de leite supoñen os tributos autonómicos.

VI. Incremente, ata o máximo permitido, a porcentaxe coa que contribúe á subvención da contratación de seguros agrarios.

VII. Incremente a partida orzamentaria das axudas para paliar os danos da fauna salvaxe (especialmente no referido aos danos do xabril aos cultivos), así como o importe unitario e o límite por explotación.

VIII. Mellore a xestión da poboación de xabril para reducir os ataques nas comarcas onde a presión da especie é excesiva.

IX. Priorice os produtos lácteos de orixe galega nas compras públicas (hospitais, residencias, centros escolares, etc.).

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	45/61	

X. Habilite fórmulas que permitan acabar co diferencial negativo do prezo en orixe do leite en Galicia, respecto do prezo medio estatal e do doutras comunidades autónomas produtoras.

XI. Potenciar a comercialización de base cooperativa que logre que a axuda aos movementos cooperativos, que tanta importancia tiveron historicamente en Galicia e que actualmente encabezan CLUN e DairyLac, supoñan unha revalorización na marxe comercial similar á que en Asturias proporciona Central Lechera Asturiana aos seus socios”.

Emenda de engádegas presentada polo Grupo Provincial do BNG:

“O Grupo Provincial do BNG propón engadir o seguinte texto aos puntos de acordos:

...

Instar á Xunta de Galicia a promover un Foro de encontro, debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellería do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores/as, cooperativas, industria e especialmente a Distribución.

Demandar do Goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios”.

Tendo en conta que non se admiten as emendas presentadas, efectuase a votación da moción tal e como foi presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 10 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 3 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=11

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	46/61



12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A MELLORA E POSTA EN VALOR DAS ESTRADAS PROVINCIAIS QUE COINCIDEN CO CAMIÑO DE SANTIAGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para a mellora e posta en valor das estradas provinciais que coinciden co Camiño de Santiago.

Exposición de Motivos:

O Camiño de Santiago e o Xacobeo forman parte dos sinais de identidade de Galicia e, nese sentido, constitúen grandes reclamos turísticos. De feito, a nosa comunidade cada ano – excepto no período marcado pola pandemia da covid-19- supera os datos do anterior en visitantes e nos servizos e actividades que se están a crear e ofertar para atender e satisfacer co selo de excelencia aos nosos visitantes.

O Camiño de Santiago e a tradición Xacobeana representan un modelo de valores, unha referencia universal de concordia, convivencia, esforzo e solidariedade que constitúen a imaxe de marca de Galicia. Pero o Xacobeo debe ser tamén un poderoso motor de creación de riqueza sustentable para o noso territorio.

Este ano celébrase o Ano Santo Xacobeo que foi estendido tamén ata o próximo ano converténdose no dobre ano Xacobeo 21-22. A Xunta quixo converter esta celebración en algo extraordinario e único, de repercusión internacional, que supoña unha panca de actividade económica e impulse a nosa promoción no exterior. Ademais, o Xacobeo 21-22 constituirá unha oportunidade única para crear comunidade local, cohesión e sentimento de orgullo entre as galegas e os galegos, e cos peregrinos do resto do mundo.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	47/61	

Con estes obxectivos, o Goberno galego prevé dirixir á segunda anualidade do Xacobeo 21-22 un investimento de 85,8 millóns de euros, entre os que reserva máis de 16 millóns para realizar traballos de conservación e mellora do Camiño. Nesta anualidade investiranse 6,1 millóns de euros en actuacións de conservación dos Camiños e 1,4 millóns de euros en 70 actuacións para mellorar a seguridade viaria. Estas e outras melloras vanse recoller no Plan Director dos Camiños de Santiago 2022-2027, que incluírá medidas de conservación, sinalización, seguridade viaria e accesibilidade das rutas, así como de sostibilidade e modernización da oferta hostaleira de cara ao vindeiro Ano Santo, no 2027.

O vindeiro ano 2022, que continuará a ser Ano Xacobeo, Galicia recibirá miles de peregrinos e moitos deles visitarán a nosa provincia pola que discorren tres rutas do Camiño de Santiago declaradas Patrimonio Mundial da Humanidade -o Camiño do Norte, o Camiño Primitivo e o Camiño Francés-; ademais do Camiño de Inverno e do do Mar.

Estas rutas comparten trazado con varias estradas de titularidade provincial na provincia de Lugo. De feito, suman unha lonxitude total de máis de 72 quilómetros. Tendo en conta o seu mal estado, ademais de proxectar unha mala imaxe da nosa provincia, supón un perigo para a seguridade viaria tanto para os vehículos coma para os viandantes, entre os que se atopan os peregrinos que realizan o Camiño a Santiago, especialmente en determinados cruzamentos.

Os tramos das estradas provinciais polas que discorre o trazado das rutas xacobeas son:

Camiño Francés

- Nos concellos de Sarria e Samos a estrada provincial LU – P - 5602 ten un tramo común cunha lonxitude de 210 m.
- No concello de Sarria a estrada provincial LU- P- 5712 ten un tramo común cunha lonxitude de 100 m.
- No concello de Portomarín as estradas provinciais LU- P – 4910 e LU- P- 4905 teñen un tramo común cunha lonxitude de 640 m. e 250 m. respectivamente.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	48/61



- No concello de Palas de Rei a estrada provincial LU-P-4001 ten un tramo común cunha lonxitude de 440 m.

Camiño Primitivo

- No concello de A Fonsagrada a estrada provincial LU-P-1906 ten un tramo común cunha lonxitude de 90 m.
- No concello de Castroverde as estradas provinciais LU-P-1202, LU-P-1206 e LU-P-1208 teñen un tramo común cunha lonxitude de 930 m., 1.060 m. e 160 m. respectivamente.
- No concello de Lugo as estradas provinciais LU-P-2917 e LU-P-2911 teñen un tramo común cunha lonxitude de 2.470 m. e 1.040 m.
- Nos concellos de Lugo, Guntín e Palas de Rei a estrada provincial LU-P-2901 ten un tramo común cunha lonxitude de 14.620 m.

Camiño do Norte

- No concello de Ribadeo as estradas provinciais LU-P-5207, LU-P-5203 e LU-P-5204 teñen un tramo común cunha lonxitude de 1.250 m., 85 m.e 310 m. respectivamente.
- No concello de Barreiros a estrada provincial LU-P-0609 ten un tramo común cunha lonxitude de 4.360 m.
- No concello de Trabada as estradas provinciais LU-P-6101 e LU-P-5506 teñen un tramo común cunha lonxitude de 3.740m. e 210 m. respectivamente.
- No concello de Lourenzá a estrada provincial LU-P-2801 ten un tramo común cunha lonxitude de 230 m.
- No concello de Mondoñedo as estradas provinciais LU-P-3106 e LU-P-3110 teñen un tramo común cunha lonxitude de 1.750 m. e 6.410 m. respectivamente.
- No concello de Guitiriz as estradas provinciais LU-P-2303 e LU-P-2302 teñen un tramo común cunha lonxitude de 560 m. e 1.160 m. respectivamente.
- No concello de Friol as estradas provinciais LU-P-2101, LU-P-2107, LU-P-2113, LU-P-2102 e LU-P-2119 teñen un tramo común cunha lonxitude de 705 m., 115 m., 1.935 m., 620 m. e 6.070 m. respectivamente.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	49/61



Camiño de Inverno

- Nos concellos de Quiroga e Ribas de Sil a estrada provincial LU-P-5006 ten un tramo común cunha lonxitude de 350 m.
- No concello de A Pobra de Brollón a estrada provincial LU-P-4709 ten un tramo común cunha lonxitude de 1.200 m.
- Nos concellos de Monforte de Lemos e Pantón a estrada provincial LU – P- 3204 ten un tramo común cunha lonxitude de 6.685 m.
- No concello de Pantón a estrada provincial LU – P - LU-P-5812 ten un tramo común cunha lonxitude de 955 m.
- No concello de O Saviñao as estradas provinciais LU-P-4112, LU-P-5807, LU-P-5806 e LU-P-5819 teñen un tramo común cunha lonxitude de 970 m., 5.880 m., 305 m. e 90 m. respectivamente.
- Nos concellos de O Saviñao e Chantada a estrada provincial LU-P-1804 ten un tramo común cunha lonxitude de 3.550 m.
- No concello de Chantada a estrada provincial LU-P-1801 ten un tramo común cunha lonxitude de 1.260 m.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao equipo de goberno a realizar un Plan integral de mellora das estradas provinciais polas que discorre o Camiño de Santiago na provincia de Lugo incluíndo a mellora da sinalización (segundo a normativa vixente) , a adecuación das mesmas nos tramos comúns coas rutas xacobeas co obxectivo de reducir a perigosidade para os peóns nestas vías mediante a construción de sendas paralelas ás estradas onde non existan e a adecuación ás necesidades dos veciños e peregrinos”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase unha emenda de substitución, que textualmente di o seguinte:

“Substituir a redacción orixinal da proposta de acordo pola seguinte:

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	50/61	

“I. O Pleno da Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a realizar un Plan Integral de mellora das estradas autonómicas polas que discorre o Camiño de Santiago na provincia de Lugo, incluíndo a sinalización e a adecuación das mesmas nos tramos comúns coas rutas xacobeas.

II. O Pleno da Deputación de Lugo insta á Xunta de Galicia a que colabore, vía transferencia de fondos do Plan Xacobeo vixente, ca Deputación Provincial de Lugo para a mellora das estradas provinciais polas que discorren as diferentes variantes do Camiño de Santiago pola provincia de Lugo”.

Tendo en conta que non se admite a emenda de substitución, efectuase a votación da moción tal e como foi presentada, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=12

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

13.- CONTA DA DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Polo Presidente dáse lectura á Declaración Institucional polo Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, asinada polos voceiros dos tres Grupos Políticos da Corporación, e que textualmente di o seguinte:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO POLO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER.

Co motivo da conmemoración, o vindeiro 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Deputación de Lugo quere expresar o seu firme

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	51/61



compromiso na loita contra os asasinatos e agresións machistas. Tamén a nosa firme vontade para seguir desenvolvendo políticas educativas de fomento da igualdade que contribúan a erradicar os elementos estruturais que as perpetúan no tempo.

Dende o ano 2000, as Nacións Unidas adican esta data para lembrar a necesidade de loitar contra unha violencia global, que afecta ás mulleres polo mero feito de selo. Aproximadamente un terzo das mulleres maiores de 15 anos teñen experimentado violencia física a mans da súa parella, dun estraño ou de ambos. É unha estatística pavorosa que non pode deixar a ninguén indiferente. E como consecuencia da pandemia, estímase que uns 11 millóns de nenas en todo o mundo abandonarán os seus estudos, o que aumenta o risco de ser obrigadas a un matrimonio infantil. As mulleres sofren unha violencia específica nos conflitos bélicos, nos que a violencia sexual se converte nunha perversa arma de guerra que esnaquiza a vida das mulleres e deixa unha fonda e prolongada ferida no seo do tecido social.

Mesmo en democracia e en tempos que consideramos de normalidade, as mulleres seguen a ser vítimas dunha violencia específica, selectiva só polo feito de ser mulleres. Queremos lembrar hoxe a todas as mulleres que foron asasinadas no noso país polas súas parellas ou exparellas. Dende 2003 foron asasinadas en España 1.117 mulleres, e 44 nenos e nenas. Dende 2019, en España rexistráronse 1.743.680 denuncias por violencia machista, o que se traduciu no ditado de máis de 450.000 ordes de protección. Pero a pesar do avance do sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero, case a metade das mulleres que foron vítimas de violencia non denunciaron, nin acudiron ós servizos públicos de axuda, unha porcentaxe que aumenta no caso das mulleres máis novas.

No que vai do ano 2021, Galicia xa tivo que saír á rúa a condenar un feminicidio cometido na Coruña. E segue a investigarse outro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Segundo os datos do IGE, no primeiro semestre deste ano, a Atención polo Punto e Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección.

Así mesmo, a Memoria anual da Fiscalía Superior de Galicia do ano 2020, coñecida en outubro pasado, sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou, e que no ámbito

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	52/61



da violencia machista “o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicten e que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado”.

Queremos compartir a dor das mulleres que sofren violencia, dos seus fillos e fillas, familiares e amizades, e queremos facerlles chegar a nosa solidariedade, o noso apoio e o noso compromiso de non deixalas soas, así como o noso compromiso co desenvolvemento de políticas de fomento da igualdade que contribúan a erradicar as causas estruturais dos asasinatos e agresións machistas. Aínda que a pandemia estea nunha fase de control é necesario que se atendan todas as súas repercusións, tamén no ámbito da violencia machista.

Como sociedade, levamos anos loitando contra esta violencia, educando ós menores, empoderando ás mulleres, e adecuando o noso ordenamento xurídico para dar resposta a un tipo de agresións que non poden ter cabida na nosa sociedade. Temos moito avanzado, por exemplo o recente recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, pero sabemos que este tipo de comportamentos perversos amosan unha grande capacidade de adaptación e persistencia.

Dende a Deputación de Lugo queremos amosar o noso respaldo á iniciativa “Pinta o mundo de laranxa - ¡financiar, responder, previr, recompilar!” que impulsa as Nacións Unidas. E tamén con todas as medidas desenvolvidas polas administracións estatal e autonómica para erradicar esta eiva social.

Neste camiño, seguimos insistindo na necesidade de desenvolver medidas eficaces de loita contra á mesma no eido rural, onde factores como a idade elevada, os condicionamentos sociais ou a dificultade de acceso ós servizos públicos, se converten en factores que agravan a situación das mulleres.

A Deputación de Lugo reafirma o seu compromiso co feminismo, coa loita contra a violencia machista e coa igualdade efectiva entre mulleres e homes. Só unha sociedade na que as mulleres non sufran violencia por ser mulleres pode ser considerada completamente libre. Só unha democracia libre de violencia machista é unha democracia plena”.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	53/61	

Unha vez producidas as deliberacións oportunas por parte de tódolos voceiros dos grupos políticos, manifestan que están de acordo coa Declaración Institucional conxunta presentada. Polo que acordan por unanimidade proceder a súa sinatura,, publicar na páxina web a Declaración Institucional, así como incluíla na Orde do Día do Pleno Ordinario desta Deputación Provincial a celebrar o día trinta de novembro de dous mil vinte e un, para dar conta”.

O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=13

14.- CONTA DOS ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN ÚNICO 2020 E 2021 DOS CONCELLOS.

1º.- Concello de Ribadeo.- Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2020, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluiu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases. Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno do acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 5 novembro de 2021, en relación co escrito presentado pola Alcaldía do Concello de Ribadeo, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2020, do que se adxunta certificación do amentado acordo.

O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	54/61



2º.- Concello de Quiroga.- Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2021, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 5 novembro de 2021 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

3º.- Concello de Mondoñedo.- Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2021, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 22 Outubro 2021 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de Mondoñedo, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	55/61



4º.- Concello de Pobra do Brollón.- Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2021, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 22 Outubro 2021 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de Pobra do Brollón, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

5º.- Concello de Chantada.- Aos efectos do previsto nas bases do Plan Único 2021, en relación coa modificación/substitución de investimentos, no que se sinala na base 16 “..Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria...” dase conta ao Pleno dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno de data 1 Outubro 2021 en relación cos escritos presentados pola Alcaldía do Concello de Chantad, solicitando a substitución/modificación dun investimento incluído inicialmente no Plan Único 2021, do que se adxunta certificación do amentado acordo, sen afectar á achega total que efectúa a Deputación.

O Pleno da Corporación queda enterado.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	56/61



Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=14

15.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA A 30 DE SETEMBRO DE 2021.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica a 30 de setembro de 2021.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=15

16.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE SETEMBRO DE 2021, E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2021.

Dase conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2021, e previsións a 31 de decembro de 2021. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=16

17.- CONTA DO INFORME DOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2021 RELATIVOS AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DO REAL DECRETO 635/2014 DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

Dase conta do informe dos meses de xullo, agosto e setembro de 2021 relativos ao cumprimento de prazos do Real Decreto 635/2014 da Deputación Provincial de Lugo e do

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	57/61	

Consortio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=17

18.- CONTA DO INFORME DO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2021 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe do terceiro trimestre de 2021 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=18

19.- CONTA DO INFORME DEFINITIVO AUDITORÍA DE SISTEMAS ANUAL DO EXERCICIO 2020 DE VERIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS, SEGUNDO O ESTABLECIDO NA LEI 25/2013.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe definitivo auditoría de sistemas anual do exercicio 2020 de verificación do cumprimento das condicións de funcionamento do rexistro contable de facturas, segundo o establecido na Lei 25/2013.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=19

20.- CONTA DAS RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	58/61	

Dáse conta das Resolucíons da Presidencia ditadas dende o día un ao vinte e nove de outubro de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucíons numeradas dende o 3683 ao 4061. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=20

21.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=21

22.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hay dous Rogos e unha Pregunta regulamentariamente formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Relativo á reparación dun tramo da LU-P-3103, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Constatado que a estrada LU-P- 3103 “Lindín – Santa María Maior – LU 124 e ramal ao campo do Castro” no concello de Mondoñedo, conta cun tramo que presenta un acusado déficit de mantemento o Grupo Provincial do Partido Popular solicita:

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	59/61	

Que por parte do Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Lugo, do que é directamente responsable o Sr. Presidente, se proceda de maneira inmediata, a efectuar as xestións necesarias para a reparación, no menor tempo posible, do tramo da estrada LU-P- 3103 que se atopa nun considerable mal estado de conservación”.

Segundo.- Relativo á xustificación do Programa Bono Impulso, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de portavoz do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:

Constatado que xa rematou hai máis dun mes o prazo de xustificación do Programa Bono Impulso desta Deputación, así como as numerosas queixas de autónomos e empresarios que aínda non percibiron a axuda estipulada, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita:

Que, se proceda de maneira inmediata, a efectuar os pagamentos a autónomos e empresarios adheridos ao Programa Bono Impulso da Deputación correspondentes aos bonos aplicados ao abeiro deste programa”.

PREGUNTA

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos GES, e que di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

A Deputación de Lugo abandonou a reunión coa Xunta de Galicia sobre os Grupos de Emerxencias Supramunicipais (GES) sen comprometer a súa aportación económica para o mantemento deste servizo. O convenio en vigor rematará o 30 decembro.

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)			
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ	Página	60/61	

Que ten previsto a Deputación de Lugo en relación coa aportación ou non da súa porcentaxe para o mantemento durante o ano 2022 deste fundamental servizo para a seguridade dos cidadáns?”

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202111301109000000_FH.mov&topic=22

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

O PRESIDENTE,

A SECRETARIA,

	IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ		Fecha y Hora	14/12/2021 10:35:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.				
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)				
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)				
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FG4B2PBM57JBL6RPH4QLGGQ		Página	61/61	